

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **18 de novembro de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA MINA-CASTRELOS. EXPTE. 15121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 16/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 10/11/16, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Proposta de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que rectifica o adoptado na sesión do 7 de outubro:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2016 das empresas que deseguido se relacionan:

- *LIMONTA SPORT IBERICA, SL*
- *DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 21/11/2016 08:56	Páxina 1 de 4
Expediente 15121/333	Código de verificación: 28EB4-4A2E3-CA23D-CE2D4	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

- PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL
- CONSTRUCTORA EDISERPO, SL
- HORDESCON, SL
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA

Segundo.- Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):

- REALTURF SYSTEMS, SL
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, SL
- NAROM, SL

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONDO IBERICA, SA	80,00
MECANO SPORT, SL	78,42
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	77,23
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL	64,54
NATURF DEVELOP, SL	64,10
SPORT EQUIPALIA, SL	46,21

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 844,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado o 11 de outubro de 2016 ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONDO IBERICA, SA, que presenta a documentación requirida o 21 de outubro de 2016, dentro do prazo concedido para o efecto.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2016 08:56

Páxina 2 de 4

Expediente 15121/333

Código de verificación: 28EB4-4A2E3-CA23D-CE2D4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2016, comprobou que a empresa non acreditou o depósito da garantía complementaria que se esixe na cláusula 22 e apartado 10B do Anexo I (FEC) do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, por terse cualificado inicialmente a súa oferta como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e terse xustificado adecuadamente e admitido para a súa valoración. Así mesmo, non consta na documentación presentada a copia do recibo de pagamento da prima do período en curso, sen a cal o certificado do seguro de responsabilidade civil que achega carece de validez (como así consta no propio certificado). En base ao anterior, concedéuselle á empresa un prazo de tres días hábiles para que presentase a citada documentación, que foi presentada o 3 de novembro de 2016.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 9 de novembro de 2016 examina a documentación presentada pola empresa nas datas 21 de outubro e 3 de novembro comprobando que é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONDO IBERICA, SA.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONDO IBERICA, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina – Castrelos (15121-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 160.928,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.929,79 euros.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2016 08:56

Páxina 3 de 4

Expediente 15121/333

Código de verificación: 28EB4-4A2E3-CA23D-CE2D4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

b) O prazo de garantía increméntase en 156 meses, polo que o prazo total é de 168 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno local e a oferta presentada".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 21/11/2016 08:56

Páxina 4 de 4

Expediente 15121/333

Código de verificación: 28EB4-4A2E3-CA23D-CE2D4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>